

- ALTERMUNDO/COLABORA
- NOVAS/CONVOCATORIAS
- COBERTURAS ESPECIAIS
- ARTIGOS POR TEMAS
- ARTIGOS POR REXIÓNS
- SUPLEMENTO NÚMEROS



Portada

## Mayor Zaragoza: “O sistema que se baseou na liberdade e se esqueceu da igualdade, afúndese”

Manoel Santos

Venres, 31 de Outubro do 2008



Para Federico Mayor Zaragoza, presidente da **Fundación Cultura de Paz**, estamos a asistir ao afundimento dun sistema que, baseado na liberdade, esqueceuse da igualdade. “Agora é máis importante ca nunca reivindicar os dereitos humanos e o poder da cidadanía”.

**Como moitas persoas dedicadas ás ciencias da vida, federico mayor hai anos que desviou o seu camiño cara ao eido social, cara á xente que sofre. Será porque é precisamente a vida no planeta o que está en xogo**

Cando Federico Mayor Zaragoza era un estudante, o profesor Hans Krebs, un dos máis célebres bioquímicos da historia, díxolle: “a xustificación da ciencia e do coñecemento é a súa aplicación para evitar ou reducir o sufrimento humano”. Dende aquela, en todas as súas investigacións, en todo o que fixo en bioquímica prenatal e mesmo no plan nacional da prevención da subnormalidade infantil que iniciou nos anos 70, estaba no seu horizonte esta esixencia ética. Se cadra por iso acabou por ser durante doce anos director xeral da Unesco, e se cadra por iso creou o Programa Cultura de Paz na institución, cuxos obxectivos persegue agora dende a Fundación Cultura de Paz. De dereitos humanos sabe como o que máis. Ética pura.

—Estamos a mes e medio da celebración do 60 aniversario da Declaración Universal dos Dereitos Humanos. Na súa opinión, son sesenta anos de éxitos ou de fracasos?

Penso que a influencia da Declaración na vida e nas aspiracións das persoas foi extraordinaria. Seguramente foi o acontecemento máis importante do século XX, porque as mensaxes, as pautas de conduta e os puntos de referencia éticos propios da Declaración Universal son agora máis importantes ca nunca.

—Por que agora?

Porque é o intre de rediseñar completamente o futuro. Estámolo a ver co fracaso estrepitoso dun sistema económico que se baseaba nas leis do mercado en lugar de facelo nos principios democráticos que a constitución da Unesco contén: a xustiza, a liberdade, a igualdade e a solidariedade; e que tamén, máis adiante, amplía a Declaración Universal. Agora teremos que pensar non só no rescate das institucións financeiras, senón sobre todo no rescate da xente, e máis ca nada da xente máis vulnerábel.

—Dáme a min que xa escoitamos iso máis dunha vez.

Xa, pero se algo delata a situación actual é que medios hai. Antes diciannos que non había cartos para o fondo da sida ou o da alimentación, e mesmo que como moito, cos obxectivos do milenio, poderíamos reducir a fame á metade para 2015. Mire agora como dun día para outro aparecen 700 mil millóns para salvar a crise financeira! Olo! agora púxose de manifesto que todo é cuestión de vontade política. Cando eu escoitaba estes días que se vai refundar o Fondo Monetario Internacional, eu dicía, pois mire, aproveiten para refundar as Nacións Unidas, aproveiten para pór en orde todo o que os plutócratas do mundo destruíron.

—Parece que agora a clase política admite que iso do capitalismo salvaxe, da ausencia do Estado, non levaba a ningures. Non hai un chisco de cinismo?

Claro. É que non estamos, por moito que digan, a falar de economía. Estamos a falar de dereitos humanos. Aí está e estivo sempre o grande erro. En 1991 eu xa escribín: afundiuse co muro de Berlín un sistema que, baseado na igualdade, se esqueceu da liberdade. E agora digo, afundiuse o sistema alternativo que, baseado na liberdade, se esqueceu da igualdade. Está claro o que está a acontecer, por iso a min paréceme que agora é máis importante ca nunca reivindicar os



**NATIONS UNIES**  
A DECLARACIÓN UNIVERSAL FOI, SEGURAMENTE, O MAIOR SUCESO DO SÉCULO XX



**Autoras/es**

- Xabier Macías
- Culturactiva
- Judith Sing
- Xosé María García

## O mundo precisa de alternativas, não só de regulações



**François Houtart**-. Nós não podemos nos satisfazer em falar apenas na crise financeira e na necessidade de regulação. Se não se fizer nada, de 20% a 30% de todas as espécies vivas poderão desaparecer daqui a um quarto de século. O nível e a acidez dos mares aumentarão perigosamente, o que pode gerar entre 150 e 200 milhões de refugiados climáticos a partir da metade do século XXI.

## Declaración dos movementos sociais para cambiar Europa



Esta é a declaración final da Asemblea de Movementos Sociais (AMS), adoptada o 21 de Setembro, o último día do FSE. A ASM é un espazo para a coordinación entre os diferentes movementos sociais, para consensuar obxectivos e prioridades para o ano entrante.

## Arqueoloxía labrega



**Manoel Santos**-. Os ferros dos estantes dos supermercados son infinitamente máis fértiles cós ferrados da terra nosa.